

## **CONCELLO PLENO**

### **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2017/06

**CARÁCTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 29 de novembro de 2017

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do d3a **29 de novembro de 2017** re3nese o Pleno do Concello en sesi3n convocada ao efecto con car3cter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Su3rez Barcia e coa asistencia das persoas que 3 continuaci3n se indican:

#### **Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas**

D.Fernando Su3rez Barcia (Alcalde)

D.Ana Mar3a Mart3nez Fern3ndez (excusa ausencia)

Dona Maria Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xos3 Farruco Gra3a Rama

Dona Mar3a Sonia Meil3n Vizoso

D.David Rivas Pe3a

Dona Mar3a da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge D3az Freije (incorp3rase 21,30 horas).

Dona Vanesa Yanes Rivas

#### **Polo Grupo do Partido Popular**

D.Jes3s L3pez Penabad

Dona Mar3a Rosina Tosar L3pez

D.Jos3 Juan Estevez Fern3ndez

D. Jos3 Mar3a Garc3a Su3rez

#### **Porlo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

Dona Aurora Gonz3lez Ginzo

Dona Cristina Losas Soria

#### **Polo Grupo de Ciudadanos-Partido de la Ciudadan3a**

Dona Marta Mar3a Saiz Garc3a

#### **Secretario Xeral:**

D.Jos3 A. Carro Asorey

**Interventor:**

D.Luis R.Vázquez Parga

**Técnico de Admón.Xeral.**

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA DE DATA 21 DE SETEMBRO DE 2017.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

**2.- EXPEDIENTE Nº 3570/2017 RELATIVO Á CREACION DE FICHEIROS AOS EFECTOS DA LOPD PARA CÁMARAS DE VIDEOVIXILANCIA NA ZONA DE PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADEO.**

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

**PROPOSTA DO SERVIZO PARA A TOMA DO ACORDO SOBRE A INSTALACIÓN DUNHA REDE DE VIXIANZA E A INSCRICIÓN DUN FICHEIRO DE DATOS DE VIDEOVIXIANZA.**

**Vista** a resolución de fecha 20/07/2017 da Consellería Economía, Emprego e Industria na que se concede ao concello de Ribadeo unha subvención para a INSTALACIÓN DUNHA REDE DE VIDEO CÁMARAS NO POLIGÓNO INDUSTRIAL DE RIBADEO, ao abeiro abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2017. De acordo co establecido na devandita resolución o investimento subvencionable é de 19275,30 euros e o importe da subvención concedida é de 15420.24 ( 80% do orzamento aprobado).

**Visto** que a instalación se deberá realizar tendo en conta o disposto na adicional oitava da Lei Orgánica 4/1997 e a disposición adicional única no R.D. 596/1999.

Vista a proposta formulada polo departamento municipal correspondente co anexo de novo ficheiro a inscribir.

**PROPONSE** ao Pleno Municipal que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Crear conforme á Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal, os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Ribadeo que se contemplan no anexo I e solicitar a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de datos.

**SEGUNDO.-** Publicar integramente o contido do acordo no BOP de Lugo polo prazo de 30 días hábiles a efectos de reclamacións, entendéndose adoptado o acordo definitivo sen necesidade de novo acordo, no suposto de que non se presente ningunha.

**TERCEIRO.-** Notificar á Axencia Española de Protección de Datos o contido do acordo adoptado

## ANEXO I

### FICHEIRO: VIDEOVIXILANCIA CONTROL TRÁFICO

1. ÓRGANO, ENTE OU AUTORIDADE ADMINISTRATIVA RESPONSABLE DO FICHEIRO:

Concello de Ribadeo.

2. ÓRGANO, SERVIZO OU UNIDADE ANTE O QUE DEBERÁN EXERCITAR OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

Alcaldía - Concello de Ribadeo. Praza de España, 1 C.P. 27700 Ribadeo (Lugo).

3. NOME E DESCRICIÓN DO FICHEIRO QUE SE CREA:

“Videovixilancia Control Tráfico” Conxunto de imaxes dixitais de usuarios das vías, matrículas e vehículos que transiten polas vías titularidade do Concello de Ribadeo.

4. Trátase dun FICHEIRO DE CARÁCTER INFORMATIZADO ao apoiarse na captación de imaxes nun videograbador dixital que admite conexión tcp/ip.

5. MEDIDAS DE SEGURIDADE: nivel básico.

6. TIPOS DE DATOS DE CARCTER PERSOAL QUE SE INCLUIRÁN NO FICHEIRO: imaxe/voz.

7. FINALIDADE DO FICHEIRO:

Videovixilancia. Control e disciplina do tráfico.

8. COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTENIR DATOS OU RESULTEN OBRIGADOS A FORNECELOS:

Usuarios das vías. Condutores e infractores.

9. PROCEDENCIA DOS DATOS: O propio interesado.

10. PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA: Captación mediante cámaras.

11. ÓRGANOS E ENTIDADES DESTINATARIOS DAS CESIÓNS PREVISTAS:

Forzas e corpos de seguridade.

12. NON HAI TRANSMISIÓN INTERNACIONAL DE DATOS PREVISTA.

Sometida a votación a Proposta da Alcaldía resulta aprobada por unanimidade dos membros da Comisión ditaminándose en consecuencia favorablemente para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal próximo.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

**3.EXPEDIENTE Nº. 3433/2017 RELATIVO A SOLICITUDE POR PARTE DA CONCESIONARIA DA PISCINA MUNICIPAL DE INCREMENTO DO IPC.MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL T26**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

*“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:*

*Vista a solicitude de revisión de prezos do contrato administrativo de xestión do servizo de CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA DE RIBADEO presentada polo concesionario do mesmo Víctor Manuel Reyero Rodríguez con DNI 0749944986-E actuando en nome e en representación de SERVICIO CULTURA, DEPORTE Y RECREACIÓN, SL, con CIF B-15416845 e con entrada no Concello o día 19/10/2017 (NRE 2017-E-RE-252), na que se fai referencia á actualización das tarifas en función da variación do IPC.*

*Visto á súa vez o disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato de outubro /2005 que sinala que “a revisión de prezos terá lugar nos termos establecidos nos artigos 103 a 108 LCAP, e a fórmula será o IPC interanual ou índice oficial que o substitúa”.*

*Considerando que, de acordo cos datos obtidos do INE, a variación do IPC entre setembro de 2013 a setembro de 2017 foi dun **0,9%***

*Considerando que a retribución do contratista realízase a través de taxas aboadas polos usuarios e tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:*

*- Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.*

*- Os artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais.*

*- O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.*

*- Os artigos 20 a 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais onde se regula o réxime xurídico das taxas locais.*

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

**Primeiro.** – Aprobar con carácter provisional a modificación da ORDENANZA FISCAL NÚMERO T26 reguladora da Piscina, quedando os artigos modificados redactados do seguinte xeito conforme á actualización das tarifas en relación á variación do IPC exposta:

### 1. MATRÍCULA

Cota de inscrición ou alta ABOADO: 39,40€

Cota de inscrición ou alta CURSILLISTA (temporada): 13,13€

### 2. COTAS ABOADOS

a) Complexo deportivo (carácter anual)	Cota mensual
- individual adulto (+16 anos)	31,53€
- individual infantil (-16 anos)	13,13€
- individual pensionista, xubilado, discapacitado	13,13€
- familiar	39,40€

### 3. ENTRADAS INSTALACIÓN (piscina + ximnasio + spa)

- entrada adulto: 5,26€
- entrada infantil: 3,30€
- entrada pensionista, xubilado, discapacitado: 3,30€

### 4. BONOS 15 USOS INSTALACIÓN (só de 1 de xuño a 30 de setembro)

- 15 usos adulto: 39,40€
- 15 usos infantil: 23,64€
- 15 usos pensionista, xubilado, discapacitado: 23,64€

### 5. ALUGUER INSTALACIÓNS

- rúa do vaso deportivo (1 hora): 26,28€
- piscina para competicións (1/2 día): 394,20€

### 6. ACTIVIDADES ACUÁTICAS

Cota mensual	ABOADOS	NON ABOADOS
a) Infantil, pensionista, xubilado e discapacitado		
- 1 día/semana	6,56€	13,13€
- 2 días/semana	13,13€	26,28€
- 3 días/semana	19,72€	39,40€
b) Adultos		

- 1 día/semana	9,16€	18,39€
- 2 días/semana	18,39€	36,79€
- 3 días/semana	27,59€	55,19€
c) Natación escolar		
- 1 día/semana	10,50€	
- 2 días/semana	21,03€	
d) Cursos intensivos de verán		
- Quince días	19,72€	39,40€

## **7. ACTIVIDADES DE XIMNASIO**

a) Entrenamentos personalizados fitness (test condición física + rutinas personalizadas): 13,13€

<b>8. CURSOS BEBÉS</b>	<b>ABOADOS</b>	<b>NON ABOADOS</b>
- cursos bebés 1 día	10,63€	21,27€
- cursos bebés 2 días	21,27€	42,55€

**Segundo.-** Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación”

*A Comisión por unanimidade dos membros presentes acorda ditaminar favorablemente a Proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”*

A Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

#### **4. EXPEDIENTE Nº 3573/2017 DE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2018.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa:

*Por parte do Sr. Alcalde cédese a palabra ao Concelleiro de Economía e Facenda Sr. Castro Reigosa que procede a explicar aos membros da Comisión as principais liñas e modificacións existentes no orzamento.*

*Fai un resumo das modificacións mais importantes que se operan respecto do pasado exercicio tanto en gastos como en ingresos.*

*Obra no expediente toda a documentación necesaria.*

*A Comisión por cinco votos a favor (dos membros do Grupo BNG) e catro abstencións (dos dúas do Grupo PP, unha do Grupo PSG-PSOE e outra do Grupo Cidadáns) acorda ditaminar favorablemente a Proposta da Alcaldía para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”*

Promovida deliberación intervén o Concelleiro de Facenda Sr.D. Vicente Castro Reigosa que explica polo miúdo o contido do presuposto e as modificacións respecto do ano anterior.

Dona Marta María Sainz, do Grupo de Cidadáns manifesta que non vai intervir.

Dona Aurora González Ginzo, representante do Grupo Socialista indica que o maior gasto do presuposto se fai en persoal, seguido dos gastos de reparacións, suministros e demáis. Di que en inversión só se invirte o 18% e que lles parece moi pouco.

Explica que lles chama a atención o importe do aluguer do Cine Teatro, xa que xunto cos gastos de mantemento supón un elevado custo e pregunta se é necesario ou se non sería mellor invertir nel e adquirilo para o Concello.

Referente do aluguer de fincas para aparcamento, di que en Ribadeo é preciso, pero lle parece excesivo o custo e pregunta se non hai terreos municipais onde situar eses aparcamentos; indica que opina o mesmo do aluguer das fincas do punto limpo, xa que custan máis de 3.000 € ao ano de aluguer. Indica que sería máis rentable mercar as fincas.

Referente ao aluguer de casetas para a feira do libro e o mercado do nadal tamén indica que lle parece moito custo, xa que supera os 12.000 euros e explica que lle parecería máis rentable adquirilas en vez de alugalas

Sobre os gastos de mantemento de edificios, os móbiles, as reparacións de vehículos di que suman sobre 100.000 €. Explica que lle chama a atención esas cifras elevadas e pregunta se se está a controlar o uso que se lles da.

Explica que tamén lle parecen elevados os custos da páxina web, material de oficina, a prensa e revistas, subministrados, correos, seguros, publicidade... e pregunta si se vai facer algo dende o Concello para tramitar estes servizos cos contratos axeitados e intentando reducir os custos

Indica que os gastos correntes son elevados e que moitos están adicados ao tempo de lecer, festas e esparcemento, incrementándose os gastos previstos para as distintas festas e as subvencións. Pregunta se é un bo momento para destinar eses fondos para ese tipo de actividades cando hai unhas necesidades máis importantes.

Respecto da xestión da recadación, di que hai unha diferenza de 29.733 €.

Pregunta a que se debe esa diferenza. Indica que tamén hai menos cantidade no servizo de axuda a domicilio e, referente ao servizo de incendios, pregunta a que corresponden os 20.000 € de gastos.



Explica que tamén lles parece elevado o custo da montaxe das actividades deportivas, que supera os 26.000 €, e máis as dietas de manutención, que superan os 37.000 €.

Referente as subvencións, di que lle parece que hai moitas nominativas e que non entenden os criterios para adxudicalas. Indica que tamén queren saber en que se ten previsto facer as inversión de obras e de saneamento e que vehículos se teñen previsto adquirir.

Sobre o convenio da ARI indica que entendeu que este ano hai menos subvencións, pero que aumenta a partida.

Indica que hai subvencións do 2016 que están xustificadas que non foron pagadas e pregunta o motivo.

Tamén lle parecen elevados os custos de mantemento do Hospital Asilo.

Don Jesús López Penabad, polo Grupo Municipal Popular indica que coincide en moitas cousas coa representante do Grup Socialista.

Di que atopan en falta inversión para a traída da auga e di que entenden que é competencia municipal. Explica que tamén se debería facer un programa de saneamento e reservar unha partina anual para isto, xa que é moi necesario. Opina que parte do fondo cooperación local, que recibe 425.000 €, se podería utilizar parte do mesmo para isto.

Di que tamén ven que faltan fondos para o desenvolvemento do emprego; explica que o polígono industrial está abandonado e pregunta se hai algún tipo de acción para poder traer a Ribadeo algún tipo de emprego.

Sobre estradas, di que a subvención da Xunta é dunha cantidade importante. Indica que non se vai a estender máis e que xa indicou todo a concelleira Sra.González Ginzo e manifesta que ven os presupostos insuficientes.

Don Vicente Castro Reigosa indica que agora mesmo non pode pormenorizar todos os datos e que hai cuestións das que indicaron que non sabe de donde sacaron os importes, como no tema do Cine Teatro.

Dona Aurora González di que se refería aos custos de aluguer xunto co custo total que supón para o Concello, incluíndo seguros e suministros.

Don Vicente Castro explícalle que esas cantidades son para actividades culturais en xeral, non só para o Cine Teatro. Indica que concretamente o Cine Teatro é dos que menos gastos xenera.

Sobre o alugar para aparcamentos di que tamén está expresado xenericamente e que a partida non varía moito; ademáis, os de dentro de Ribadeo non se paga por eles. Sobre o punto limpo di que hai que manter o convenio coa Xunta e que mentres esté en vigor hai que manter o aluguer; que o estudarán cando venza o acordo, aínda que lle parece que non vai ser positivo mercar os terreos xa que só van para ahí residuos sólidos que son tratados por diversas empresas e o resto de residuos non.

Respecto da reparación de vehículos, di que é unha partida histórica e que é inevitable contemplala, xa que toda a maquinaria está sometida a traballo moi permanente. Indica que nesas partidas tamén se inclúen os recambios. Di que intentan adquirir novos vehículos, que por iso crearon unha nova partida, pero que todo iso leva un proceso de contratación lento e complicado; pon como exemplo a compra da barredora, que xa vai pola cuarta convocatoria porque non se conseguiu levar a cabo o contrato.

Do tema do material de oficina indica que a partida case non se incrementa e que aínda que se estea implantando a administración electrónica o papel non deixa de utilizarse, así como moitos recambios e material para o sistema de arquivo que segue en vigor. Explica que nas relacións con outras Administracións tamén se segue usando moito papel e que as revistas de información para técnicos municipais tamén entran nesas partidas, así como a prensa.



Sobre a enerxía eléctrica explica que contan ter en xaneiro a licitación, pero que é moi complicado sacar unha licitación deste tipo e que hai risco de que quede deserto.

Dos gastos de teléfono, dille que debería ver os gastos de anos anteriores, xa que se reduciron moito ao estar con tarifas planas.

Referente aos combustibles, di que é un tema complicado, que xa se miraron varios pregos; di que van intentar sácalo no primeiro trimestre e reitera que é complicado.

Sobre o tema de correos, di que é enevitable, que as tarifas postais son inevitables.

Dos seguros, di que tamén é un dos temas que teñen que licitar.

Respecto dos gastos de publicidade, di que se inclúen os de todas as actividades e máis dos anuncios e edictos que debe publicar o Concello.

Sobre as actividades e festas, di que esos gastos si poden ser discutibles, pero que a política municipal deseña as súas actividades e non lle parece correcto poñerlles pegas ao Ribadeo Inidano xa que hoxe en día case é a festa por excelencia de Ribadeo. Opina que esos gastos están ben invertidos.

Do tema de extinción de incendios, explícalle que é un contrato que hai cunha empresa para desbroces e que está subvencionado en parte por un convenio coa Xunta; explica que a desberozadora municipal non da abastos e que se vai a ter que seguir recurrido á contratación allea, aínda que en parte menor.

A montaxe de actividades di que é outro dos contratos; que o Concello ten moita actividade cultural e turística e que non conta con medios suficientes, polo que é preciso recurrir a empresas alleas.

Referente aos gastos de desprazamento explica que inclúen todas as Concellerías, non só Alcaldía e Secretaría. Explica que a gran carga corresponde ás traballadoras do SAF, que teñen que desprazarse por todo o Concello e que ademáis, tamén corresponde aos desprazamentos do Secretario a Ribadeo e máis dos funcionarios que se desprazan a facer cursos.

Do tema das subvencións, di que este ano teñen máis asignación debido á demanda existente; que o que máis sube é nas comisións de festas, e que deben aumentar en todas, incluso no rural. Explica que o incremento en concurrencia competitiva se corresponde co aumento do número de asociacións e de clubs deportivos.

Sobre a pregunta que fixo Dona Aurora González de para onde ían destinados 45.000 € de urbanismo, explícalle que se corresponde esa partida para adquisicións de terreos para posibles expropacións. Explica que tamén lles corresponde pagar unha parte da expropiación da senda das Aceas.

Respecto do saneamento di que se meteu unha partida de 75.000 € porque consideran que debe ser unha aportación que debe facer o Concello, xa que se aprobou pedir á Xunta unha aportación e se determinou cales son as zonas prioritarias. Indica que esas cantidades son un incio e que dependen da vontade da Xunta. Explica que ademáis tamén existe o plan da Deputación, que non está contemplado no orzamento e que tamén se podería utilizar para ese fin.

Da partida de alumeadado público explica que a maior parte está destinada á sectorización, é dicir, para partir o cadro que hai na praza de abastos en zonas e evitar os problemas que surden. Indica que tamén se vai invertir en lámparas led para reducir custos.

Sinala que tamén urxe mercar un vehículo para medio ambiente e outro para obras, xa que un deles se estragou.

Indica ademáis que o único convenio que teñen actualmente asinado para o presente exercicio é o do ARI. Di que as cantidades que hai pendentes de pago das subvencións son porque non estaban correctamente xustificadas e que houbo que requirir documentación.

Sobre os gastos do Hospital Asilo, explica que son os gastos históricos que sempre arrastrou o Concello e que sen eles non podería seguir prestándose ese servizo. Indica que ese tema o

van a levar a pleno.

Referente á inversión da traída da auga di que non se pode acometer por fases, que se debe facer dunha vez, xa que se actúan so nun tramo se pode romper noutros. Explica que están a esperar por fondos da Xunta de Galicia e de outras Confederacións.

Do tema do fondo de cooperación, explica que vai destinado a gastos do Concello de todo tipo e que dende fai 5 anos leva sendo a mesma cantidade, que sen embargo a participación nos tributos do Estado aumentou.

Sobre o emprego, di que non lle parece que sexa competencia municipal a súa creación, que debe facerse por outras vías; que as actuacións que se poden facer dende o Concello son parches temporais para contratar xente nova.

Explica que hai varios fondos parados legalmente que non se poden investir, que xerarían economía e emprego, como os remanentes de tesouraría.

Referente ao plan de camiños municipais do medio rural, di que está pouco dotado, con 59.000 € para dúas anualidades; que o Concello de a Deputación invirten máis de 200.000 € anualmente. Opina que a Xunta debería aportar máis.

O Sr. Alcalde destaca que é importante que se aproben os orzamentos en prazo; que xa é o terceiro ano e que este vai ser a primeira vez que despois da exposición pública se vai aprobar definitivamente antes de que remate o ano. Manifesta que antes se aprobaban entrado o ano.

Manifesta que deste xeito dende primeiros de ano teñen toda a capacidade de inversión, aínda que non contan con todas as aportacións da Xunta que deberían.

Explica que espera poder facer durante o ano modificación de crédito por recibir máis subvención.

Referente ao punto limpo, explica que o acordo ao que chegaron os gobernos anteriores coa Xunta era de 30 anos, pero que os contratos de aluguer de 15, polo que teñen que seguir mantendo o servizo e lle tiveron que solicitar que lles volvesen a alugar os terreos. Explica que un dos propietarios é unha comunidade de montes, a cal non pode vender; só podería expropiarse e iso é moi difícil. Di que a outra parte é un propietario privado, pero que non é lóxico mercalos.

Sobre o Cine Teatro, explica que lle dan moito uso; que ven do pasado e que se mantén, aínda que se podía facer mellor, pero que hai poucos apoios de fora, polo que fan o posible.

Sobre o dominio web, explica que cada vez hai máis información que se sube á web, polo que ocupan máis espazos e hai que pagar máis aluguer.

Do aluguer dos aparcamentos das praias, di que dentro de non pouco tempo se terá aprobado o Plan Especial de Protección das Catedrais, polo que se poderán expropiar e non volver a pagar alugueiros.

Do Hospital Asilo explica que os ingresos os percibe a congregación porque é ela quen leva a xestión e o servizo. Indica que eles lles axudan e lles van axudar na súa labor.

Pola traída da auga, indica que serían varios millóns de euros e di que é coñecedor que a Xunta lle dixo verbalmente que teñen un proxecto, pero que nunca que llo comunicaron oficialmente e que descoñece a documentación. Indica que a Xunta hai anos que non invirte en saneamento.

Do tema de SEPES do Parque Empresarial di que non sabe que vai facer, que xa pediu unha reunión varias veces e que non o reciben. Opina que o polígono de Ribadeo é mellor que o de outras localidades, pero que se non lles conceden a reunión xa non se pode facer nada.

Opina que o presuposto deste ano está equilibrado, que non suben os impostos e que se vai facer todo o que se poda por Ribadeo, xa que parece que están olvidados pola Xunta de Galicia debido ao color político. Indica que cree que a Xunta non debería xogar con cousas que son importantes para Ribadeo, como o tema da auga, o saneamento e a residencia; que nos últimos anos leva actuado de forma moi macarra con Ribadeo.

Explica que as inversións que se van facer na Avda.da Ría de Ribadeo son importantes, que se van evitar os riscos que presenta, e que van intentar facelo coa axuda da Deputación.

Da Rúa San Roque, indica que necesita un gran cambio, xa que fai anos que non se lle toca e que está moi mal. Incida que as melloras nesa rúa van mellorar a calidade de vida e dos negocios, e que pretenden facelas en dúas fases.

Sendo as 21,30 horas incorpórase á sesión o Concelleiro D. Jorge Freije Díaz.

A Corporación, por dez votos a favor (nove do Grupo do BNG e un do Grupo de Ciudadanas-Mixto) , dúas abstencións do Grupo Socialista e catro votos en contra do Grupo Popular, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos termos indicados e na súa consecuencia:

**Primeiro.** – Aprobar o límite máximo de gasto non financeiro para o exercicio 2018, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, de acordo co artigo 30.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, que se fixa en 8.262.952,47 euros.

**Segundo.** - Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para o 2018, o detalle do cal a nivel de capítulo é o seguinte:

#### ESTADO DE INGRESOS

Cap	Denominación	Euros
1	Impostos directos	3.011.000,00 €
2	Impostos indirectos	125.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	2.388.874,99 €
4	Transferencias correntes	2.802.104,64 €
5	Ingresos patrimoniais	13.823,38 €
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	560.454,35 €
8	Activos financeiros	27.045,54 €
9	Pasivos Financeiros	550.000,00 €

#### ESTADO DE GASTOS

Cap	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	3.875.499,14 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.260.648,99 €
3	Gastos financeiros	33.850,00 €
4	Transferencias correntes	257.813,56 €
5	Continxencias	60.000,00 €
6	Investimentos reais	1.784.226,97 €
7	Transferencias de capital	64.544,28 €
8	Activos financeiros	27.045,54 €
9	Pasivos financeiros	114.674,42 €

	<b>Total Estado de Ingresos</b>	<b>9.478.302,90</b>
		€

	<b>Total Estado de Gastos</b>	<b>9.478.302,90</b>
		€

**Terceiro.** – Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento asinadas con data 20/11/2017, constando estas de cincuenta e oito artigos, unha disposición adicional e unha disposición final.

**Cuarto.** - Aprobar o Cadro de Persoal deste Concello de Ribadeo para 2018 que figura como Anexo no expediente do Orzamento, conforme ao seguinte:

**CADRO DE PERSOAL CONCELLO DE RIBADEO**

**ORZAMENTO XERAL DE 2018**

**Artigo 90.1 Lei 7/1985, de 2 de abril, RBRL**

**A) PRAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO	OBSERVACIÓN S
<b>1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL</b>				
1.1.- SECRETARIO/A	1	1	A1	Vacante
1.2.- INTERVENTOR/A	1	---	A1	
1.3.- TESOUREIRO/A	1	1	A1	Cuberta con nomeamento provisional
<b>2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL</b>				
<b>2.2.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA</b>				
2.2.1.- TÉCNICO ADMINISTRACIÓN XERAL	1	---	A1	
2.2.2.- TÉCNICO DE XESTIÓN	1	1	A2	Cuberta Interinidade
2.2.3.- ADMINISTRATIVO SECRETARIA	2	---	C1	
2.2.4.- ADMINISTRATIVO SERVIZOS	1	---	C1	

<b>ECONÓMICOS</b>				
2.2.5.- ADMINISTRATIVO (RECADADOR)	1	---	C1	
2.2.6.- ADMINISTRATIVO (RENDAS-EXACCIÓN)	1	---	C1	
<b>2.3.- SUBESCALA AUXILIARES</b>				
2.3.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	1	1	C2	Cuberta Interinidade
<b>2.4.- SUBESCALA SUBALTERNOS</b>				
2.4.1.- ORDENANZA	1	1	E (AA.PP)	Vacante
<b>3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</b>				
<b>3.1.- SUBESCALA TÉCNICA</b>				
3.1.1.- ARQUITECTO	1	---	A1	
3.1.2.- APARELLADOR	1	1	A2	Cuberta interinidade
<b>3.2.- SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS</b>				
<b>3.2.1.- POLICÍA LOCAL</b>				
3.2.1.1.- INSPECTOR XEFE	1	---	A2	
3.2.1.2.- AXENTE POLICÍA	11	1	C1	1 Vacante
<b>3.2.2.- PERSOAL DE OFICIOS</b>				
3.2.2.1.- COORDINADOR (CAPATAZ)	1	---	C2	
3.2.2.2.- OFICIAL OBRAS	1	---	C2	Trasládase 1 ao persoal laboral, xubilación Romualdo Fernández Alonso, Praza laboral segundo RPT
<b>3.3.- INMOBLES ESCOLARES</b>				
3.3.1.- CONSERXE-CELADOR DE INMOBLES	1	---	E (AA.PP)	

<b>TOTAL</b>	<b>29</b>	<b>7</b>	<b>---</b>	

**B) PRAZAS SUXEITAS Á LEXISLACIÓN LABORAL**

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO (ASIMIL.)	OBSERVACIÓNS
<b>1.DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA</b>				
<b>UNIDADE DE REXISTRO, PADRÓN, ARQUIVO</b>				
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	C2	
<b>2.DEPARTAMENTO DE OBRAS, CEMITERIO, LIMPEZA E SERVIZOS MÚLTIPLES</b>				
<b>UNIDADE DE OBRAS</b>				
ARQUITECTO OFICINA REHABILITACIÓN	1	---	A1	
ADMINISTRATIVO OFICINA REHABILITACIÓN	1	---	C1	
OFICIAL ENCARGADO OBRAS	1	---	C2	
OFICIAL OBRAS	2	1	E (AA.PP)	Crease 1 vacante por xubilación de Romualdo Fernández Alonso.  Praza laboral segundo RPT
OPERARIO OBRAS- SERVIZOS MÚLTIPLES	2	---	C2	
CONDUTOR PALA RETROESCAVADORA	1	---	C2	
<b>UNIDADE DE CEMITERIO- SERVIZOS FUNERARIOS</b>				
PEÓN COVEIRO	1	1	C2	Segundo RPT a praza é Laboral Admón Especial. Cuberta interinidade

<b>UNIDADE DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE</b>				
XEFE GRUPO MEDIO AMBIENTE	1	---	C2	
CONDUTOR MECÁNICO	1	1	C2	Cuberta interinidade
OFICIAL CONDUTOR	1	1	C2	Cuberta interinidade
CONDUTOR RECOLLIDA ENSERES	1	---	C2	
CONDUTOR VEHÍCULOS MUNICIPAIS	1	1	C2	Vacante (1)
OPERARIOS SERVIZO RECOLLEITA	2	2	E (AA.PP)	Laboral Indefinido
OPERARIOS SERVIZO LIMPEZA	9	4	E (AA.PP)	Laboral Indefinido (3)  Vacantes (1)
OPERARIO XARDINERÍA	1	---	E (AA.PP)	
OPERARIOS XARDINERÍA -SERV. MULTIPLES	4	3	E (AA.PP)	Vacantes (3)
CHOFER DESBROZADORA	1	1	C2	Laboral indefinido
<b>UNIDADE SERVIZOS MANTEMENTO</b>				
ELECTRICISTA	1	1	C2	Segundo RPT a praza é Laboral Admón Especial Vacante(1)
AUXILIAR ELECTRICISTA	1	---	C2	
<b>3.DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS</b>				
TRABALLADOR SOCIAL	2	1	A2	Laboral Indefinido (1) Vinculado a subvención
EDUCADOR FAMILIAR	1	---	A2	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	C2	
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	11	11	E (AA.PP)	Suprímese 1 por xubilación de Dolores Alonso



				López
				Laboral Indefinido
AUXILIAR PISOS TUTELADOS	2	2	E (AA.PP)	Laboral Indefinido
PSICÓLOGO DROGODEPENDENCIA	SERVIZO 1	---	A1	
AVOGADA/O MULLER	CENTRO INFORMACIÓN 1	---	A1	
<b>4.DEPARTAMENTO DE CULTURA, XUVENTUDE, DEPORTE, TURISMO E DESENVOLVEMENTO LOCAL</b>				
<b>UNIDADE DE CULTURA</b>				
TÉCNICO DE CULTURA	1	1	A2	Laboral Indefinido
TÉCNICO INFORMACIÓN XUVENIL	1	---	A2	
AUXILIAR OFICINA TURISMO	1	1	C2	Cuberta interina
BIBLIOTECARIA MUNICIPAL	1	---	A2	
LIMPADORA BIBLIOTECA MUNICIPAL	1	---	E (AA.PP)	Media xornada
<b>UNIDADE DEPARTAMENTO DE DEPORTES</b>				
RESPONSABLE DEPORTIVAS	INSTALACIÓNS 1	1	C2	Vacante (1)
MONITOR DEPORTES	1	1	C2	Laboral Indefinido
<b>UNIDADE DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR</b>				
AUXILIAR O.M.I.C.	1	---	C2	
<b>UNIDADE DE MÚSICA</b>				
PROFESORES ESCOLA DE MUSICA	9	7	A2	Fixos descontínuos (2); Laboral Indefinido (4); Interinos (3);
<b>UNIDADE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL</b>				
AXENTE DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	---	A1	

TOTAL	71	41		
-------	----	----	--	--

**Quinto.** –Expoñer ao público o Orzamento Xeral aprobado e o Cadro de Persoal do Concello, por prazo de quince días, aos efectos do sinalado no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose definitivamente aprobado se no devandito termo non se presentan reclamacións.

**5. EXPEDIENTE Nº 142/2017 RELATIVO AO PLAN DE AXUSTE DO 3T/2017 (DACIÓN DE CONTA).**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa:

*Obra no expediente a documentación precisa relativa ao asunto epigrafiado.*

*A Comisión dase por enterada.*

A Corporación municipal queda enterada do expediente indicado.

**6.-EXPEDIENTE Nº 142/2017 RELATIVO AO INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS 3T/2017 (DACIÓN DE CONTA).**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa:

*Obra no expediente a documentación precisa relativa ao asunto epigrafiado.*

*A Comisión dase por enterada.*

A Corporación municipal queda enterada do expediente indicado.

**7.-EXPEDIENTE Nº 142/2017 RELATIVO AO INFORME 3T/2017 SOBRE PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO (DACIÓN DE CONTA).**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa:

*Obra no expediente a documentación precisa relativa ao asunto epigrafiado.*

*A Comisión dase por enterada.*

A Corporación municipal queda enterada do expediente indicado.

**8.- EXPEDIENTE Nº. 2662/2017 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL T21 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE ENSINANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES PÚBLICOS, ESCOLA DE MÚSICA E DANZA, ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E ACTIVIDADES NO RURAL.**

*Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:*

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*Vista a proposta de modificación da ORDENANZA FISCAL NUMERO T21 reguladora da Taxa polo servizo de ensinanza especiais en establecementos docentes públicos. Escola de Música*

e Danza. Escolas Deportivas Municipais, que figura no expediente, incluída na providencia de Alcaldía de data 13/09/2017.

Considerando que a modificación se orixina, como se recolle no informe do traballador social de data 08/08/2017, na intención de facilitar o acceso ás actividades, dirixidas a menores, organizadas polas concellarías de Cultura, Educación e Igualdade e de Facenda, medio rural, obras e deportes, pertencentes a familias do Concello de Ribadeo, en situacións economicamente desfavorables, propoñendo a solución de introducir unha bonificación coa mesma finalidade nas ordenanzas correspondentes a taxas e prezos públicos nas que puidesen ter incidencia estas axudas.

Vistos os informes emitidos polos servizos afectados de datas 08/08/2017 e 13/09/2017 e pola Tesourería fiscalizado e conformado pola Intervención municipal de data 13/10/2017.

En consecuencia, despois de examinar o expediente, enténdese que procede realizar unha modificación do artigo 4 da ORDENANZA FISCAL NUMERO T21 reguladora da Taxa por reguladora da Taxa polo servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes públicos. Escola de Música e Danza. Escolas Deportivas Municipais de acordo co exposto.

Tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.
- Os artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais.
- O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.
- Os artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais onde se regula o réxime xurídico das taxas locais.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

**Primeiro.** – Aprobar con carácter provisional a modificación da ORDENANZA FISCAL NUMERO T21 reguladora da reguladora da Taxa polo servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes públicos. Escola de Música e Danza. Escolas Deportivas Municipais quedando os artigos modificados redactados do seguinte xeito:

**“Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.**

1. De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.
2. Decláranse as seguintes bonificacións na taxa ós membros da Banda Municipal de Música de Ribadeo con respecto ás materias directamente relacionadas coa súa participación como membros da Banda:

- no primeiro ano: 50% de desconto
- no segundo ano: 60% de desconto
- no terceiro ano: 70% de desconto
- no cuarto ano: 80% de desconto
- no quinto ano e sucesivos: 100% de desconto

3. Os suxeitos pasivos que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos ou da realización de actividades sometidas a esta ordenanza, poderán no seu caso ter dereito a unha bonificación do 90% do importe da cota tributaria de acordo coa regulación que se recolle nos parágrafos seguintes, sempre que cumpran os requisitos establecidos.

Para acceder á concesión da axuda, baseada no interese social, deportivo e cultural das actividades, e na capacidade económica dos participantes, os ingresos da unidade de convivencia, entendida como tal a composta polos veciños que figuren empadroados nunha mesma vivenda na data de solicitude, non poderán exceder dos límites establecidos na seguinte táboa:

CONVIVENTES	LÍMITE DE INGRESOS
2	Ate o 170 % do IPREM
3	Ate o 190 % do IPREM
4	Ate o 210 % do IPREM
5	Ate o 230 % do IPREM
6	Ate o 250 % do IPREM
7	Ate o 270 % do IPREM

Para ser beneficiarios desta bonificación deberán cumprir tamén os seguintes requisitos económicos:

- Non dispoñer de máis dunha vivenda en propiedade.
- Non dispoñer de máis dun vehículo en propiedade.
- Non dispoñer de depósitos bancarios que, en conxunto, superen os 2.000 €

Procederase ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo da persoa solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar. Entenderanse como ingresos da unidade familiar tódolos ingresos obtidos por cada un dos membros desta en relación aos últimos 12 meses (rendementos do traballo, prestacións de desemprego, pensións, etc.).

*Excepcionalmente, cando existan cambios substanciais na renda familiar dentro dos últimos doce meses cunha previsión de permanencia no tempo, suficientemente probados, poderanse ter en conta unicamente os ingresos relativos ao último trimestre da persoa afectada pola dita situación. Neste caso a renda anual sería a resultante de calcular unha media mensual da renda do último trimestre e multiplicala por 12 pagas.*

*En supostos excepcionais, e por razóns debidamente xustificadas no expediente, consideraranse unicamente os ingresos que se obteñan no momento de presentación da solicitude.*

*Para acreditar estes datos deberán presentar a documentación preceptiva que se establecerá nas bases de cada actividade e que, en principio, de non sinalarse outra será a seguinte:*

- *Copia do DNI ou NIE das persoas que integran a unidade familiar.*
  - *Copia do libro de familia, só no caso de menores integrantes da unidade familiar sen DNI.*
  - *Certificación de convivencia.*
  - *Certificación de titularidade de bens inmobles, só no caso de denegar a súa consulta no anexo.*
  - *Acreditación de ingresos de todos/as os/as convivintes:*
    - o *Nóminas (últimas 12)*
    - o *Copia da declaración da renda ou datos fiscais relativos ao último exercicio das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo,*
    - o *Prestacións INEM*
    - o *Prestacións INSS, só no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo*
  - *Extracto de movementos de tódalas contas bancarias das que sexan titulares calquera das persoas que integran a unidade familiar, que inclúan os 12 meses anteriores á solicitude.*
  - *Documentación acreditativa da titularidade de vehículos das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo I.*
4. *Declárase a bonificación no 50% da cota tributaria aos membros da Coral Polifónica de Ribadeo na matrícula da materia de Canto.*

**Anexo I**

**AUTORIZACIÓN DAS PERSOAS QUE INTEGRAN A UNIDADE FAMILIAR**

<b>NOME E APELLIDOS</b>	<b>NI F</b>	<b>PARENTESCO</b>	<b>AUTORIZA CONSULTA DATOS TRIBUTARIOS</b>	<b>AUTORIZA CONSULTA PRESTACIÓN S INSS</b>	<b>AUTORIZA CONSULTA TITULARIDAD E VEHÍCULOS</b>	<b>SINATURA</b>
			SI	SI	SI	

		SOLICITANTE				
			NON	NON	NON	
			SI	SI	SI	
			NON	NON	NON	
			SI	SI	SI	
			NON	NON	NON	
			SI	SI	SI	
			NON	NON	NON	
			SI	SI	SI	
			NON	NON	NON	
			SI	SI	SI	
			NON	NON	NON	

(No caso de NON AUTORIZAR deberá achegar a documentación correspondente)"

**Segundo.-** Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días

*hábeiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.*

*Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.*

*Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.”*

*A Comisión por unanimidade dos membros presentes acorda ditaminar favorablemente a Proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”*

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

#### **9.- EXPEDIENTE Nº.2663/2017 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA P3 DE PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓN, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES.**

Por Secretaría dase conta do DITAME da Comisión Informativa:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que obra no expediente e que se transcribe a continuación:

##### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Vista a proposta de data 08/08/2017 realizada polo traballador social municipal sobre a problemática na aplicación da Ordenanza reguladora de acceso as prestacións económicas, para facilitar o acceso ás actividades, dirixidas a menores, organizadas polas concellarías de Cultura, Educación e Igualdade e de Facenda, medio rural, obras e deportes, pertencentes a familias do Concello de Ribadeo, en situacións economicamente desfavorables, e a solución que formula, que consiste en introducir unha bonificación coa mesma finalidade nas ordenanzas correspondentes a taxas e prezos públicos nas que puidesen ter incidencia estas axudas*

*Considerando que este Concello ten establecida a ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓN, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES, que se vería afectada pola proposta citada no parágrafo anterior.*

*Vista a providencia de Alcaldía de data 13/09/2017 onde se contiña unha proposta de modificación da ordenanza en cuestión, que recollía a redacción dun novo artigo 6 e Anexo I*

*Considerando o informe de data 22/09/2017 emitido pola Tesourería, fiscalizado en conformado pola Intervención municipal e as conclusións deste, que reclama certas modificacións no acordo a adoptar para dar cumprimento á normativa reguladora dos prezos públicos.*

*Por tanto, en consideración ao exposto, en uso das competencias locais recoñecidas polos*



artigos 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía eleva á consideración do Pleno da corporación a seguinte proposta:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES, de acordo co seguinte:

**“ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES**

#### **Artigo 6. Prezos reducidos**

Os obrigados ao pagamento que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos ou da realización de actividades consistentes na celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares sometidas a esta ordenanza, e que expresamente recollan tal posibilidade cando sexan establecidos os prezos concretos pola Xunta de Goberno Local e/ou Pleno, poderán no seu caso ter dereito a unha redución de ata o 90% do importe destes, de acordo coa regulación que se recolle nos parágrafos seguintes, sempre que cumpran os requisitos establecidos.

Para a inclusión destas reducións nos supostos concretos de prestación de servizos ou realización de actividades sometidas a esta ordenanza, será preceptiva a emisión dun informe por parte do servizo correspondente que acredite as razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que xustifiquen esta posibilidade. O devandito informe deberá conter ademais unha proposta razoada da porcentaxe de redución e unha análise do impacto que suporía na recadación prevista.

Por outra banda, en todo caso para acceder á redución, os ingresos da unidade de convivencia, entendida como tal a composta polos residentes que figuren empadroados nunha mesma vivenda na data de solicitude, non poderán exceder dos límites establecidos na seguinte táboa:

CONVIVINTES	LÍMITE DE INGRESOS
2	Ate o 170 % do IPREM
3	Ate o 190 % do IPREM
4	Ate o 210 % do IPREM
5	Ate o 230 % do IPREM
6	Ate o 250 % do IPREM
7	Ate o 270 % do IPREM

Para ser beneficiarios desta bonificación deberán cumprir tamén os seguintes requisitos económicos:

- Non dispoñer de máis dunha vivenda en propiedade.
- Non dispoñer de máis dun vehículo en propiedade.
- Non dispoñer de depósitos bancarios que, en conxunto, superen os 2.000 €

Procederáse ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo da persoa solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar. Entenderanse como ingresos da unidade familiar tódolos ingresos obtidos por cada un dos membros desta en relación aos últimos 12 meses (rendementos do traballo, prestacións de desemprego, pensións, etc.).

Excepcionalmente, cando existan cambios substanciais na renda familiar dentro dos últimos doce meses cunha previsión de permanencia no tempo, suficientemente probados, poderanse ter en conta unicamente os ingresos relativos ao último trimestre da persoa afectada pola dita situación. Neste caso a renda anual sería a resultante de calcular unha media mensual da renda do último trimestre e multiplícala por 12 pagas.

En supostos excepcionais, e por razóns debidamente xustificadas no expediente, consideraranse unicamente os ingresos que se obteñan no momento de presentación da solicitude.

Para acreditar estes datos deberán presentar a documentación preceptiva que se establecerá nas bases de cada actividade e que, en principio, de non sinalarse outra será a seguinte:

- Copia do DNI ou NIE das persoas que integran a unidade familiar.
- Copia do libro de familia, só no caso de menores integrantes da unidade familiar sen DNI.
- Certificación de convivencia.
- Certificación de titularidade de bens inmobles, só no caso de denegar a súa consulta no anexo.
- Acreditación de ingresos de todos/as os/as convivintes:
  - o Nóminas (últimas 12)
  - o Copia da declaración da renda ou datos fiscais relativos ao último exercicio das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo,
  - o Prestacións INEM
  - o Prestacións INSS, só no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo
- Extracto de movementos de tódalas contas bancarias das que sexan titulares calquera das persoas que integran a unidade familiar, que inclúan os 12 meses anteriores á solicitude.
- Documentación acreditativa da titularidade de vehículos das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo.

## **Anexo I**

### **AUTORIZACIÓN DAS PERSOAS QUE INTEGRAN A UNIDADE FAMILIAR**



NOME APELIDOS	E NIF	PARENTESCO	AUTORIZA CONSULTA DATOS TRIBUTARIOS	AUTORIZA CONSULTA PRESTACIÓNS INSS	AUTORIZA CONSULTA TITULARIDADE VEHÍCULOS	SINATURA
		SOLICITANTE	SI  NON	SI  NON	SI  NON	
			SI  NON	SI  NON	SI  NON	
			SI  NON	SI  NON	SI  NON	
			SI  NON	SI  NON	SI  NON	
			SI  NON	SI  NON	SI  NON	
			SI  NON	SI  NON	SI  NON	

(No caso de NON AUTORIZAR deberá achegar a documentación correspondente)"

**Segundo.-** Expor ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos modificados da Ordenanza, durante o prazo de trinta días, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación.

*Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.*

*Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, entrando en vixencia de acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*A Comisión por unanimidade dos membros presentes acorda ditaminar favorablemente a Proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”*

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

#### **10.- EXPEDIENTE Nº 3683/2017 RELATIVO Á CRIACIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL PARA ESTUDIO E INFORME DA FORMA DE XESTIÓN DA RESIDENCIA PARA MAIORES DE RIBADEO.**

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

**“DITAME:** Dase conta do informe-proposta de Secretaría que obra no expediente e que se transcribe a continuación, explicándose brevemente polo Secretario o asunto.

#### **“INFORME-PROPUESTA DE SECRETARÍA**

*Con respecto ao expediente relativo a la Constitución de Comisión Informativa Especial e en cumprimento de la Providencia de Alcaldía, emito **o seguinte informe-proposta de resolución**, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, con base aos seguintes,*

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.** Con data 10 de novembro de 2017 a Alcaldía iniciou expediente para a constitución da Comisión Informativa Especial para o estudio e informe da Residencia para persoas maiores de Ribadeo construída polo Concello na rúa Paco Lanza.

**SEGUNDO.** Con data.10 de novembro de 2017 emitíuse informe por Secretaría indicando a lexislación aplicable e o procedemento a seguir en relación á consstitución da citada Comisión Informativa Especial.

**TERCEIRO.-** Xustifícase a súa necesidade á vista da Resolución da Consellería de Traballo e Benestar, Secrearía Xeral Técnica de data 24 de xaneiro de 2014 pola que se CONCEDE

*autorización administrativa para a creación da Residencia para persoas maiores de Ribadeo, sen prexuízo do que se determine no procedemento de permiso de inicio de actividades con ocasión dos que se deriven da inspección ocular.*

O artigo 85 da Lei de Bases sinala:

1. Son servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias.

**2. Os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse da forma máis sustentable e eficiente de entre as enumeradas a continuación:**

**A) Xestión directa:**

a) Xestión pola propia Entidade Local.

b) Organismo autónomo local.

c) Entidade pública empresarial local.

d) Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública.

*Só poderá facerse uso das formas previstas nas letras c) e d) cando quede acreditado mediante memoria xustificativa elaborada para o efecto que resultan máis sustentables e eficientes que as formas dispostas nas letras a) e b), para o que se deberán ter en conta os criterios de rendibilidade económica e recuperación do investimento. Ademais, deberá constar no expediente a memoria xustificativa do asesoramento recibido que se elevará ao Pleno para a súa aprobación onde se incluírán os informes sobre o custo do servizo, así como, o apoio técnico recibido, que deberán ser publicitados. A estes efectos, solicitarase informe do interventor local quen valorará a sustentabilidade financeira das propostas expostas, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*

**B) Xestión indirecta, mediante as distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.**

*A forma de xestión pola que se opte deberá ter en conta o disposto no artigo 9 do Estatuto Básico do Empregado Público no que respecta ao exercicio de funcións que corresponden en exclusiva a funcionarios públicos.*

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

*O artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Os artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.*

*Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida, procedendo a súa aprobación polo Pleno deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 124.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.*

*Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto*

2568/1986, do 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

### **INFORME-PROPOSTA**

**PRIMEIRO.** *Constituír unha Comisión Informativa de carácter Especial denominada COMISION INFORMATIVA ESPECIAL PARA O ESTUDIO E INFORME DO SISTEMA DE XESTIÓN DA RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DE RIBADEO.*

**SEGUNDO.** *Esta Comisión extinguirase automáticamente unha vez que ditaminen ou informen sobre o asunto que constitúe o seu obxecto.*

**TERCEIRO.** *A Comisión Informativa Especial de referencia estará integrada polos membros correspondentes na proporción establecida legalmente e que será, no caso da Corporación de Ribadeo:*

**Presidente:** *o Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.*

**Vogais:**

*4 membros do Grupo municipal do BNG*

*2 membros do Grupo municipal Popular*

*1 membro do Grupo municipal do PSOE*

*1 membro do Grupo municipal de Cidadáns.*

**Secretario:** *O Secretario da Corporación ou funcionario en quen delegue.*

**CUARTO.** *A Comisión Informativa Especial axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.*

**QUINTO.** *Comunicar este Acordo aos diferentes Grupos Políticos Municipais, facéndolles saber que deberán designar aos seus representantes na Comisión, notificándoo por escrito en prazo de 5 días desde a adopción do presente Acordo."*

*A Comisión por unanimidade dos membros presentes acorda ditaminar favorablemente a Proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal."*

O Secretario da Corporación pon de manifesto que se omitiu que tamén deberían formar parte da Comisión con voz e sen voto os funcionarios técnicos seguintes: O Interventor da Corporación, o Técnico de Administración Xeral, o Traballador Social do Concello e a Técnica do departamento de contratación.

Sen promoverse deliberación, a Corporación por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa coa incorporación á Comisión Especial de referencia dos técnicos mencionados.

**11.-EXPEDIENTE Nº 2918/2017 RELATIVO A SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DO EMPREGADO LABORAL D. ALBERTO GONZÁLEZ VILLANUEVA.**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

**“DITAME.**

*Obra no expediente o informe-proposta de Secretaría que se transcribe:*

**“INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA**

*En relación co expediente relativo ao recoñecemento de compatibilidade do persoal ao servizo da Administración local para desempeñar actividades privadas, e en cumprimento do establecido na providencia da Alcaldía, emito o seguinte informe-proposta de Secretaría, de conformidade co establecido no artigo 54 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 172 e 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e no artigo 3.a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional,*

**INFORME**

**PRIMEIRO.** *O desempeño dun posto de traballo na Administración será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, pública ou privada, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia.*

**SEGUNDO.** *A lexislación aplicable é a seguinte:*

— *O artigo 145 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local.*

— *A Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.*

— *O Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos entes, organismos e empresas dependentes.*

— *Os artigos 24, 95, e a disposición final terceira da Lei 5/2015 do 30 de outubro de aprobado*



do TR do Estatuto básico do empregado público.

— O artigo 50.9 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

— Os artigos 22.2.q) e 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

\_\_\_ O convenio colectivo para o Persoal laboral deste Concello (BOP de Lugo n.º 147 de 29/06/2015)

\_\_\_ A RPT municipal vixente (BOP de Lugo núm. 9 de 11 de xaneiro de 2013)

\_\_\_ Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia.

### **TERCEIRO.** Consideracións xurídicas:

**A.** Segundo o artigo 11 da Lei 53/1984, o persoal ao servizo da Administración local non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, que se relacionen directamente coas que desenvolve a entidade onde estea destinado, excepto aquelas que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados (como por exemplo, a defensa en xuízo fronte a Administración), de acordo coa STS do 24 de marzo de 1998.

Resulta de interese a STSX de Galicia do 21 de novembro de 2001, cuxo fundamento de dereito terceiro establece que na exposición de motivos da Lei se razoa o respecto ao exercicio da actividade privada sempre que «non se poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia».

En aplicación do artigo 11.2 da Lei 53/1984, hai que ter en conta o artigo 11 do Real decreto 598/1985, que establece aquelas actividades privadas e persoais ás que non se lles poderá recoñecer compatibilidade para o seu exercicio —servizos de xestión administrativa; procurador que requira presenza ante os tribunais durante o horario de traballo (STS do 28 de marzo de 1994); persoal destinado en unidades de contratación con actividades en empresas que realicen contratos xestionados polas ditas unidades; arquitectos e outros técnicos cuxa actividade estea sometida á autorización do ente ao que están destinados, etc.

**B.** Expresamente, o artigo 12 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, prohibe exercer as seguintes actividades:

a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, nos asuntos en que estea a intervenir, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervenir por razón do posto público (SSTS do 15 de outubro de 1994 e do 13 de novembro de 2001).

b) A pertenza a consellos de administración en entidades privadas, sempre que a súa actividade estea directamente relacionada coas que xestione a entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño de cargos en empresas concesionarias ou contratistas de obras, servizos ou subministracións.

d) A participación superior ao 10% no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior (véxase a STS do 15 de outubro de 1994).

**C.** Do exposto anteriormente dedúcese que todas as actividades privadas que non se atopen nalgún dos devanditos supostos poderán ser obxecto de recoñecemento de compatibilidade.

Non obstante, hai que ter en conta as seguintes normas:

— Que o afectado desempeñe na Administración un posto que supoña a percepción dun complemento específico ou concepto equiparable (STS do 7 de marzo de 2000), a excepción do exercicio de profesor universitario asociado, en réxime de dedicación non superior a tempo parcial —trinta horas semanais, ex artigo 14 do Real decreto 598/1985— e con duración determinada, así como para realizar actividades de investigación —de carácter non permanente— ou asesoramento —en casos concretos— que non correspondan ás funcións propias do seu posto de traballo.

[Hai que ter en conta a redacción do artigo 16.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, segundo a cal, non se lle poderá autorizar ou recoñecer compatibilidade ao persoal funcionario, eventual ou laboral, que, pese a percibir retribucións complementarias, estas inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel, e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección (artigo redactado de acordo co parágrafo segundo da disposición final terceira da Lei do Estatuto básico do empregado público).]

A aplicación do sinalado no devandito artigo 16 da Lei 53/1984 presenta dificultade para o persoal laboral ao non figurar expresamente no cadro das súas retribucións, salvo excepcións, o concepto de complemento específico.

Agora ben, por excepción, e sen prexuízo das limitacións sinaladas nos artigos 1.3 —protección da imparcialidade e independencia do persoal—, 11, 12 e 13 —incompatibilidades de actividades privadas— da Lei 53/1984, poderáselle recoñecer compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que supoñan a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade. Así está establecido no artigo 16.4 da Lei 53/1984 (STS do 11 de marzo de 1994 e STSX de Castela-A Mancha, do 13 de xuño de 1998).

— As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas administracións públicas só se poderán autorizar cando a actividade pública sexa unha das enunciadas na lei como de prestación a tempo parcial.

— Que previamente se lle autorizase ao afectado a compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público e que a suma de xornadas de ambos sexa igual ou superior á máxima establecida nas administracións públicas (corenta horas semanais). Nestes supostos,

*cando como consecuencia da suma de xornadas sexa viable a compatibilidade, deberase solicitar o seu recoñecemento respecto dos dous postos de traballo ou das actividades no sector público.*

*D. Existen determinadas actividades que están exceptuadas da aplicación do réxime de incompatibilidades e poden ser realizadas libremente, sen necesidade de autorización ou recoñecemento de compatibilidade. En concreto, as sinaladas no artigo 19 da Lei 53/1984, tales como as derivadas da administración do patrimonio persoal ou familiar; a dirección de seminarios; a participación en tribunais cualificadores de probas selectivas para ingresos nas administracións públicas; a produción e creación literaria; o ditado de cursos en centros oficiais destinados á formación de funcionarios, cando non teñan carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de setenta e cinco horas ao ano; etc.*

**CUARTO.** *O procedemento para recoñecer a compatibilidade é o seguinte, ex artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro:*

*A. O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das administracións públicas requirirá, ex artigo 14 da Lei 53/1984, o previo recoñecemento de compatibilidade, cuxa competencia lle corresponde **ao Pleno da corporación local** (STS do 13 de novembro de 2001; artigo 50.9 do ROF), logo do informe, se é o caso, dos directores dos organismos, entes e empresas públicas.*

***O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e o horario do interesado, e quedará automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.***

*O persoal ao servizo das administracións públicas non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividades mercantís, industriais ou profesionais.*

*Trátase dun acto regrado, sempre que non concorran os supostos de prohibición e se cumpra o disposto na lei reguladora.*

*B. A resolución motivada na que se recoñeza a compatibilidade deberá ser ditada no prazo de dous meses.*

*C. No tocante aos efectos en caso de silencio administrativo, tendo en conta que transcorreu o prazo de dous anos de adaptación previsto na disposición adicional primeira da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, e que o disposto na disposición adicional primeira do Real decreto 1777/1994 non resulta de aplicación á Administración local, hai que entender como aplicable a norma que, con carácter xeral, se establece no artigo 43.2 da Lei 30/1992; é dicir, o silencio será positivo xa que, ademais, non existe unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito comunitario europeo que estableza o contrario (hoxe na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Admtvo.común das AA.PP.)*

*Malia o sinalado, a STSX de Murcia do 17 de xullo de 2002 establece no seu fundamento de dereito terceiro que «la Sentencia de instancia argumenta acertadamente que no puede entenderse que por silencio administrativo “pueda concederse algo que está vedado por la propia Ley, como es, en este caso, la concesión de una compatibilidad sin el informe favorable*

del Rectorado de la Universidad de Murcia"».

**D.** Todas as resolucións de compatibilidade para desempeñar actividades privadas inscribíranse nos rexistros de persoal correspondentes.

**E.** O incumprimento da normativa en materia de compatibilidades será, segundo o artigo 20 da Lei 53/1984, sancionado conforme o réxime disciplinario de aplicación como falta moi grave (artigos 95.2.n) da Lei do Estatuto básico do empregado público, e 6.h) do Real decreto 33/1986, do 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado) (STS do 15 de outubro de 1994)

**QUINTO.-** Conforme ao exposto anteriormente, no presente expediente instruído en virtude da solicitude formulada por Alberto González Villanueva (Operario de servizos múltiples interino, persoal laboral) compre sinalar que dentro da estrutura salarial da súa nómina consta como retribucións complementarias o **complemento específico en contía de 340,37 euros o que supón con relación ao soldo base de 559,50 €, sen antigüidade**, ( aínda que no presente caso tampouco existe) **un 60.83 %**, superando en consecuencia as previsións do 30 % previsto na norma.

A actual RPT municipal (BOP Lugo n.º 9 de 11 de xaneiro de 2013) sinala que "... nas cantidades relativas ao complemento específico de cada posto (CE) inclúense os conceptos de especial dificultade técnica, dedicación, **incompatibilidade**, responsabilidade, perigosidade, penosidade, turnicidade e nocturnidade, segundo os postos.

**A percepción de complemento específico asimesmo implica a incompatibilidade para os titulares dos postos de traballo de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades de persoal ao servizos das Administracións Públicas.**

En canto ás funcións que poideran impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes **consta no procedemento un Informe de data 20 de setembro de 2017 do departamento de Medio Ambiente no que se conclúe a posible existencia de incompatibilidade horaria por mór dos traballos aos que está adscrito, nestes intres (operario de limpeza viaria) o traballador solicitante.**

**Non obstante debe sinalarse que os postos de traballo como o que nos ocupa están suxeitos a cambios ou modificacións dentro das facultades de autoorganización dos servizos de que gozan as administracións públicas para a execución das funcións encomendadas; como tamén se sinala no referido informe.**

**Debe terse en conta tamén como sinala o informe mencionado que para o caso de coincidir o remate dunha xornada co comezo da outra non se produciría o descanso efectivo que debería existir entre xornadas o que pode, sen lugar a dúbidas, incidir na prestación dos servizos de carácter público que debe desenvolver o empregado en cuestión.**

A disposición transitoria novena da Lei 2/2015 de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, sinala:

**1.En tanto no se introduzca el complemento retributivo de puesto de trabajo previsto por la presente ley, todas las referencias a este último se entenderán hechas al complemento específico existente a la entrada en vigor de la misma, destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, responsabilidad, incompatibilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo.**

*El personal interino nombrado para la ejecución de programas de carácter temporal o por exceso o acumulación de tareas percibirá el complemento específico correspondiente a un puesto de trabajo de nivel base del correspondiente subgrupo o grupo de clasificación profesional.*

*2. En tanto no se produzca la sustitución del complemento específico mencionado en el apartado anterior por el complemento de puesto de trabajo previsto por la presente ley, podrá reconocerse, conforme a lo dispuesto en la normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complemento específico o concepto equiparable, siempre que su cuantía no supere el treinta por ciento de su retribución básica, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad.*

*En el supuesto de que la cuantía de tal complemento supere el treinta por ciento referido, podrá concederse la compatibilidad siempre y cuando la persona interesada renuncie a la percepción del complemento específico o concepto equivalente.*

*En virtude de todo canto antecede, de acordo co establecido nos artigos 14.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e 50.9 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e con base no artigo 175 do ROF, esta Secretaría formula para o seu tratamento no Pleno municipal como órgano competente na materia a seguinte:*

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO.** *Á vista da solicitude de recoñecemento de compatibilidade para o desempeño do posto que ocupa neste concello co desempeño doutros traballos de carácter privado de conformidade con canto se dispón nas lexislación citada anteriormente e á vista do informe referido procedería rexeitar a compatibilidade para o desempeño de actividades privadas polos motivos expostos relativos á incompatibilidade horaria e de traballos en ambos sectores.*

**SEGUNDO.** *Que en todo caso deberá inscribirse o acordo do Pleno que se adopte sobre a compatibilidade ou incompatibilidade para desempeñar actividades privadas, no correspondente rexistro de persoal.*

**TERCEIRO.** *Que se lle notifique o acordo adoptado ao interesado. "*

*A Comisión por oito votos a favor (dos membros dos Grupos BNG,PP e Cidadáns) e unha abstención do membro do Grupo PSG-PSOE, acorda ditaminar favorablemente o informe-proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal."*

*Promóvese deliberación intervindo a Concelleira de Cidadans-Grupo Mixto Sra. Saiz García que manifesta que moralmente é un fastidio pero que está de acordo co sinalado e a concelleira do Grupo Socialista Sra.González Ginzo pregunta quen emite os informes respostandose por Secretaría que o técnico de medio ambiente.*

*A Corporación, por catorce votos a favor (dos membros do BNG, PP e Cidadáns) e dúas abstencións (dos membros do PSG-PSOE) acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos e na súa consecuencia rexeitar a compatibilidade para o desempeño de actividades privadas a que este expediente se contrae polos motivos expostos*



relativos á incompatibilidade horaria e de traballos en ambos sectores.

**12. EXPEDIENTE Nº 2559/2017 RELATIVO Á DACION DE CONTA DE ESCRITOS DA ALCALDIA EN PETICIÓN DE ARRANXOS DE DIVERSOS VIARIOS PROVINCIAIS NESTE TERMO MUNICIPAL.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

*“Pola Alcaldía-Presidencia dase conta das peticións e escritos dirixidos á Excmo. Deputación Provincial, tal como consta no expediente, para o arranxo de diversos viarios de titularidade provincial ao seu paso polo Concello de Ribadeo.*

*Significase que xa en diferentes ocasións se ten requirido da Deputación estas obras que nalgunos casos se trata de verdadeiras urxencias debido ao mal estado dos firmes.*

*A Comisión dase por enterada.”*

A Corporación queda enterada.

**13.-EXPTE. Nº.3713/2017 RELATIVO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PETICIÓN A FOMENTO DE ARRANXOS NA ESTRADA N-642 AO SEU PASO POR RIBADEO.**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

*“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:*

**PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

*Enmarcada nun entorno privilexiado como é a marxe galega da Ría de Ribadeo, a estrada nacional N-642 é unha das vías de comunicación máis emblemáticas do noso municipio, a cal serve de unión entre a Mariña e o interior da Provincia, ademais de tratarse dun punto de encontro de moito tráfico que ven de Asturias.*

*Lamentablemente, o estado actual desta estrada nacional N-642 ao seu paso por Ribadeo é deplorable, supoñendo un grave risco de seguridade para a multitude de usuarios desta infraestrutura de comunicación.*

*Compre destacar que o citado treito ribadense da N-642 non tivo un tratamento integral axeitado nos últimos 30 anos, no seu lugar, tan só é sometida a simples remendos cando o seu estado de conservación se volve impracticable, como pode ser o tapado de fochancas. De feito, a derradeira actuación foi hai uns catro anos, e como evidencia a situación actual, da mágoa ver como está o firme desta calzada.*

*A problemática descrita e o consecuente perigo de seguridade para os usuarios desta vía de comunicación acentúase de xeito exponencial no caso dos motoristas, dada a cantidade de*

*grixo solto na calzada, e dos ciclistas, ao estar a beiravía sucia e chea tamén de grixo, o que lles obriga a incorporarse ao carril principal, co risco acentuado que isto supón.*

*En base ao anteriormente exposto, é de imperiosa necesidade levar a cabo unha actuación integral no treito ribadense da N-642 por presentar serios riscos en canto á seguridade viaria, feito polo cal, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

- *Requirirille á Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia do Ministerio de Fomento que se dote no exercicio 2018 dunha partida para unha nova capa integral de rodaxe con aglomerado asfáltico (e non unha simple eliminación de fochancas) para evitar un accidente mortal que o día menos pensado se vai producir por esta situación tan vergoñenta.*

*Sometida a votación resulta aprobada por unanimidade dos membros da Comisión ditaminándose en consecuencia favorablemente para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal próximo.”*

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propos termos.

**14. CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE AGOSTO E 30 DE SETEMBRO DE 2017(EXPEDIENTE Nº. 1796/2016). MOCIÓNS. ROGOS E PREGUNTAS.**

Dase conta dos Decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia entre o 1 de agosto e o 30 de setembro de 2017.

A Corporación queda enterada.

**MOCIÓNS.-**

**1.- DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O 25 DE NOVENBRO. EXPEDIENTE Nº 3715/2017.**

Dase conta da Moción que se transcribe:

**“MOCIÓN SOBRE 25 DE NOVENBRO.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O 25 de novembro é unha data referencia; para dar visibilidade e reivindicar a necesidade de incrementar e mellorar a loita contra as violencias machistas. Desde que no ano 1981, ao abeiro do Primeiro Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe celebrado en Bogotá, nacera esta data como Día Internacional da Non Violencia contra as Mulleres en memoria das irmás Mirabal asasinadas no 1960 na República Dominicana a mans do ditador Trujillo, diferentes institucións internacionais recollen, con desigual compromiso, esta data no seu calendario oficial.

Hai constancia de que en Galiza rexistráronse cando menos 55 feminicidios e outros asasinatos de mulleres nos últimos sete anos, entre 2010 e o que vai de 2017. Foi 2015 o ano



do rexistro máis alto, con 13 mulleres asasinadas das que 8 foron feminicidios íntimos no ámbito da parella, cifra que levou o noso país a encabezar ese terríbel ano a taxa de feminicidios do Estado español, aínda sen ter en conta vítimas crianzas das que, de cinco asasinatos no Estado, dous ocorreron na Galiza. Do global destes casos analizados, máis do 60% producíronse no ámbito íntimo, o que dá unha dimensión da importancia deste pero tamén da necesidade de non limitar a violencia machista á parella, pois estaríamos a deixar fóra moitas casuísticas que tamén deben ser obxecto das políticas de prevención e erradicación, así como do seu cómputo e estudo.

Así mesmo, resulta alarmante e indicativo da necesidade de mellora do marco xudicial o feito de que, desde o ano 2010, foran 11 as mulleres asasinadas que presentaran unha denuncia previa. Destas, dúas foran retiradas, unha rexeitada e noutros tres casos o agresor tiña unha orde de afastamento que incumpriu. Outrosí, os informes e avaliacións que emanan do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial ilustran a resposta da Administración da Xustiza e as eivas do seu funcionamento e necesidades de mellora.

Grazas á loita de moitas persoas a prol da erradicación da violencia machista avanzamos colectivamente como sociedade na súa visibilización, un camiño en que tivo e ten un papel fundamental o traballo mobilizador, crítico e esixente de diferentes movementos de mulleres na Galiza e no mundo. Un traballo de visibilización, denuncia e redución que dista aínda de ser colectivo e prioritario para toda a sociedade e para todas as axendas políticas. A diagnose da vixencia estrutural das violencias machistas contra as mulleres debe comprometer as institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin. Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres debe ser un obxectivo político de primeira orde.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

- 1) Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, así como a destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.
- 2) Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avahar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto legislativo 21/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 111/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- 3) Comprometer o apoio da Corporación ás mobihizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista 05 365 días do ano.

Dona Marta María Saiz, Concelleira do Grupo Mixto-Cidadáns manifesta estar de acordo co contido da moción.

Dona Aurora González Ginzo, concelleira do PSG-PSOE indica que non teñen nada que engadir e que están a favor e que o seu Grupo tamén trae outra Moción no mesmo sentido.

Dona María Rosina Tosar López, concelleira do Grupo Popular di que tamén están totalmente de acordo e que van a votar a favor.

Intervén Dona María Luz Álvarez Lastra, Concelleira delegada de Igualdade e indica que a

moción se refire aos acordos que chegaran. Indica que son o Estado e as Comunidades Autónomas as Administracións que se teñen que involucrar e di que a súa moción é complementaria.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación á presente Moción.

## **2.- DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O DIA 25 DE NOVEMBRO DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPEDIENTE NÚM. 3862/2017.**

Dase conta da Moción que se transcribe:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

Un ano máis, con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, desde o Grupo Socialista queremos manifestar o noso máis firme compromiso coas mulleres vítimas da violencia de xénero. Un compromiso activo día a día, porque para erradicar a violencia requírese o compromiso individual e colectivo durante todos os días do ano.

A loita contra a violencia que se exerce cara ás mulleres, debe ser unha prioridade que nos obriga a toda a sociedade no seu conxunto. Unha obriga que lle corresponde en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.

A violencia de xénero afunde as súas raíces na histórica desigualdade que tiveron e aínda seguen tendo as mulleres, como consecuencia do patriarcado existente nas nosas sociedades, por iso é fundamental abordar a súa erradicación desde as políticas de igualdade, desde o feminismo, para favorecer unha cultura da igualdade fronte a unha cultura da submisión.

No noso país dispomos dun marco lexislativo a través da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, tarnén de leis autonómicas na maioría das Comunidades Autónomas e recentemente fol aprobado polo Congreso dos Deputados o Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero.

Para contribuír a erradicar a violencia de xénero precísanse medidas políticas e institucionais desde os diferentes ámbitos que aborden o problema de maneira integral e sexan capaces de dar resposta ás necesidades específicas das mulleres vítimas e ás das súas filias e fillos.

Non se poderá avanzar na erradicación da violencia e na atención específica ás mulleres, se non se establecen os mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, pero tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas administracións dos recursos económicos e de persoal especializado adecuados.

Na resposta integral, as administracións locais son unha peza crave e xogan un papel fundamental. Os Concellos pola súa propia definición como institución máis próxima á cidadanía e ás necesidades sociais, supoñen o primeiro estamento na prevención así como na atención a través de información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e ás súas filias e fillos.

É imprescindible dotar de novo aos Concellos das súas competencias en materia de igualdade. E necesario e imprescindible contar coas estruturas municipais e a súa implicación na loita contra a violencia de xénero, e para iso é fundamental dotarlles de recursos adecuados.

Neste sentido, convén sinalar o aprobado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA, con respecto aos Concellos e á función que deben desempeñar.

Por todo isto, desde o Grupo Municipal Socialista, propomos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes ACORDO:

1.- Instar o Goberno de España, a que inicie os trámites para as modificacións exislativas necesarias, ao obxecto de devolución das competencias ás entidades ocas no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero.

2.- Instar o Goberno de España, o cumprimento do compromiso económico acordado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO, ao obxecto de destinar vía transferencia aos Concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os próximos 5 exercicios, para o desenvolvemento das medidas correspondentes contempladas no devandito Pacto.

3.- Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, a Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao Ministro de Facenda e Función Pública, así como ao Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).”

A Concelleira do Grupo Socialista dona Aurora González Ginzo explica o contido da moción, indicando que se dirixe ao Estado que é a administración principalmente responsable.

Todos os concellerios manifestan estar a favor.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación á presente Moción.

### **3. DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A VAGA DE LUMES QUE ASOLOU GALICIA EXPEDIENTE Nº.3863/2017.**

Dase conta da Moción que se transcribe:

#### **“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A VAGA DE LUMES QUE ASOLOU GALICIA.**

Ao Pleno do Concello de Ribadeo

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadeo en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación presenta, diante do Pleno da Corporación, a seguinte moción, en base á seguinte

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira máis intensa no pasado domingo 15 de outubro, supuxo unha nova desgracia para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para a autopercepción como sociedade avanzada e coidadosa de si mesmo e da súa terra. Pero, indiscutiblemente, e sen punto de comparación, as desgracias humanas sufridas durante estes días que causaron a morte de 4 persoas foron unha perda irreparable e insuperable.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte galego. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte supón un elemento de grande perigo, e un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, Concellos, Deputacións, agrupacións ecoloxistas,

distintas organizacións e todos os niveis da administración e os distintos colectivos.

A política de extinción de incendios do Goberno da Xunta de Galicia foi errática e chea de bandazos. A decisión de non prolongar contratos de persoal anti-incendios (fixos discontinuos de 3 meses 436 persoas e 500 de Seaga), a facilidade de procesos de privatización dos recursos dispoñibles, a deixamento na atención as advertencias de perigo que dende distintos puntos e voces autorizadas e expertas fixeron do nivel de perigo existente, o rexeitamento de iniciativas parlamentarias e municipais que fixeron distintos grupos políticos.

A situación vivida especificamente nos últimos días, e nomeadamente no último domingo, foi absolutamente desesperanzadora. Os concellos víronse sobrepasados, mais tiveron que afrontar os lumes cos seus únicos medios municipais e/ou con minguados efectivos autonómicos. Existiu unha claramente deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que bitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ribadeo somete a votación a seguinte **MOCIÓN para aprobar as seguintes propostas a Xunta de Galicia:**

- Conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e corpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes.
- Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.
- Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e manantiais.
- Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder evar adiante as citadas medidas.
- Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia galega contra os incendios.

Dona Aurora González explica o contido da moción e indica que se deben tomar medidas para evitar que se volva a repetir a situación de incendios que se viveu recentemente. Di que por sorte Ribadeo non é dos concellos nos que máis incendios se producen e que espera que os veciños cumpran co decreto que se aprobou recentemente sobre as distancias das plantacións.

Don Vicente Castro di que está de acordo co contido da moción pero que vota en falta facer mención á franxa de protección, que debería ampliarse.

Dona Marta María Saiz manifesta que non ten nada que decir.

Don Jesús López Penabal manifesta que están máis ou menos de acordo, pero que parte dos puntos da moción foron confirmados xa o día anterior no Parlamento de Galicia. Explica que se creou unha Comisión que vai estar formada por corpos e forza de seguridade, técnicos forestais, empresarios, madeiros... polo que esa parte está resolta; indica que tamén hai estudos feitos sobre as subvencións e valoracións das vivendas. Explica que van a votar en contra porque o contido da moción foi aprobado ontes.

Dona Aurora González indica que está de acordo cos comentarios do concelleiro Sr. Castro Reigosa e que se podería engadir ese parágrafo e votala así.

O Sr. Alcalde di que están de acordo coa moción e que dende o Concello traballan para que o contido do bando sobre distancias forestais se cumpra. Explica que vai haber un cambio normativo e que van a aumentar a franxa de protección a 50 na Xunta.

Referente á Comisión que dixo o Sr. López Penabad, di que con iso non se soluciona o problema xa que o monte segue abandonado. Dille que o problema dos incendios en gran medida é porla superpoboación de eucaliptos e que os montes están a bravo.

Explica que pode haber xente á que non lle guste que lle manden cortar as árbores, pero que é a súa reponsabilidade e van facer cumprir a legalidade. Indica que xa o deberan facer os propietarios sen agardar a que o Concello lles mande.

A Corporación, por doce votos a favor dos membros dos Grupos BNG, PSOE e C's e catro abstencións dos membros do Grupo do PP, acorda prestar aprobación á presente Moción.

#### **4.-DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE SITUACIÓN DE FEVE E DO TRANSPORTE NA MARIÑA.EXPEDIENTE Nº.3864/2017.**

Dase conta da Moción que se transcribe:

#### **“MOCIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DO FEVE E DO TRANSPORTE NA MARIÑA**

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadeo, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación presenta, diante do Pleno da Corporación, a seguinte moción, en base á seguinte

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Haí tempo que a uña do 1F1-ve ou Ancho Métrico (Ferrol —Ribadeo) vén mingando tanto en calidade como en frecuencia horaria. A redución de case 13 millóns de euros dos orzamentos do estado no 2016 asignados a ADIF para o mantemento da rede de ancho métrico para Galicia e Asturias con máis de 300 km de vía férrea, está a amosar a decadencia total e absoluta deste servizo. Este deterioro afecta á vida diaria dos veciños da comarca da Mariña, así como aos viaxeiros que a utilizan para fins tan importantes para a zona como pode ser o turismo. Nas súas máis de 20 paradas por toda a costa Lucense, son moi habituais as avarías que se producen nas máquinas debido á súa lonxevidade, como ao seu pésimo mantemento, provocando atrasos e mesmo cancelacións, con todo o prexuízo que iso conleva para os case 100.000 veciños e veciñas da comarca. A isto haí que sumarlle a falta de persoal para dar un servizo correcto aos usuarios , a falta de interventores e maquinistas que supón un risco para os viaxeiros. Compre engadir o insuficiente mantemento do perímetro das vías, o que constitúe outro dos factores para o mal funcionamento da Mariña, posto que nos tramos que non están adecuados correctamente a velocidade esta limitada, producindo atrasos horarios.

Tanto o Goberno Central como o Autonómico, no seu afán inquebrantable, non só de desatender á provincia de Lugo, se non de entomecer o seu desenvolvemento económico e social discriminando aos seus veciños e veciñas con respecto a outras provincias ou comunidades, faj oídos xordos para con todos aqueles que necesitado desprazarse pola Mariña Lucense, non poden facelo por falta de medios. O desleixo co que se está a tratar aos veciños e veciñas desta provincia e en especial desta comarca en temas de transporte, mostra unha vez máis a súa incompetencia e pouco interese por todos e todas aquelas que viven e traballan nun espazo único, non só para a Provincia de Lugo, se non tarnén para toda Galicia.

Dende o Grupo Municipal Socialista consideramos que a Comarca da Mariña, un dos motores socioeconómicos do noso territorio, merece unha dotación de infraestruturas acorde co seu progresivo desenvolvemento.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes

#### **ACORDOS**



1 - Instar ao Goberno Central a que sexa executada a asignación económica destinada a ADIF nos orzamentos xerais do estado.

2º- Esixir ao Goberno Central e á Xunta de Galicia a creación dun plan viable e efectivo de transporte nara a comarca da Mariña.

Intervén a Concelleira do Grupo Socialista Dona Aurora González Ginzo que explica que xa houbo mobilizacións dende outras entidades e que coa moción se trata de levar estas demandas tamén dende o Pleno do Concello de Ribadeo.

Dona Marta María Saíz, do Grupo de Cidadáns se manifesta que non ten nada que engadir.

Don José Juan Estevez Fernández, do Grupo Popular, indica que iso está previsto nos Presupostos Xerais e que espera que o PSOE vote a favor. Indica que se van abster.

O Sr. Alcalde indica que non entende aos que están a favor pero que se absteñen. Di que pouco se pode agardar deles. Indica que eles a van apoiar, xa que viven a precaridade do servizo de FEVE.

A Corporación, por doce votos a favor dos membros dos Grupos BNG, PSOE e C's e catro abstencións dos membros do Grupo do PP, acorda prestar aprobación á presente Moción.

#### **5.- DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O ABANDONO DO MEIO RURAL GALEGO. EXPEDIENTE Nº.3865/2017.**

Dase conta da Moción que se transcribe:

Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 511997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 256811986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 1111999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal e a petición da Organización Profesional Agraria UNIONS AGRARIAS-UPA, a seguinte MOCION CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A recente vaga de lumes que ven de afectar ao rural galego ahí escasos días, puxo de manifesto a vulnerabilidade do territorio, rural e urbano, ante un simple evento climático extremo, e lembrou ao conxunto da sociedade galega, que non poden existir unha Galicia de dúas velocidades, pois mal íle vaj ir a unha si íle vaj mal a outra.

O lume que chegou as portas da maior cidade de Galicia e o exemplo da traxedia do veciño Portugal con máis de cen persoas falecidas este verán polo lume incontrolado, puxeron diante dos ollos dos galegas a profunda crise que vive o rural galega, e o escenario futuro de catástrofe cara o que nos encamiñamos como sociedade, se persiste o abandono do nasa rural, e a necesidade de abrir os ollas e afrontar a realidade con medidas intelixentes, antes de que sexa demasiado tarde.

Levamos décadas de desatención, envellecemento demográfico, falta de relevo xeracional nas explotacións, abandono da actividade agraria e gandeira, eliminación de toda clase de servizos públicos: peches de escalas e centros de saúde, retirada de liñas de autobuses, procesos todos que están a dar como resultado o abandono da poboación rural, o cese da actividade produtiva no territorio, e a transformación da nasa paisaxe e territorio cara unha realidade estrutural che de perigos

Sen actividade produtiva non hai xestión do territorio nin control da biomasa, fin mantemento dos cortalumes naturais que supoñen prados, pastos, cultivos e terras de labor. Porque o que non xestionemos nos coa actividade, vaina xestionar o lume.

Pero non pode haber actividade produtiva si está non é rendible, fin pode haber actividade produtiva si non hai xente que aposte por vivir no rural e facer del a súa forma de vida. E para que iso suceda, a xente ten que ter servizos e calidade de vida a altura dos tempos en que vivimos, así como percibir un recoñecemento por parte da sociedade polo labor desenvolvido no rural, e unha aposta clara das Administracións Públicas por manter un rural vivo, activo e con futuro.

Por todo o anterior, en condición de Voceira/o Municipal do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ribadeo e dado a importancia que o rural representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva **propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:**

1.- Solicitar a Presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representadas todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan facer achegas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono do medio rural galego.

2.- Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente e sostida no tempo que permita afrontar de xeito claro e o marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia actual.

3.- Aplicación de inmediata de un paquete de medidas urxentes de contención económica que asegure a supervivencia das explotacións que se viron afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e os lumes catastróficos.

4.- Pedir que non se retrase fin un día máis a solución aos graves problemas estruturais que ameazan o futuro de agricultores e gandeiros, como a mobilidade de terras que permita o acceso ás terras aos mozos que se incorporarán nos próximos anos.

5.- Propoñer unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes. Buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e buscando fórmulas que permitan poñer en produción agraria ou forestal as máis de 300.000 ha de montes veciñais en estado de grave abandono. Dando valor engadido á madeira dos nosos montes e xerando emprego industrial no rural.

6.- Reformar o Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, de forma que estes Fondos da UE se dediquen realmente ao apoio a agricultores e gandeiros, reforzando as súas rendas, a través do coidado medioambiental do territorio que supoñen as terras agrarias.

7.- Abrir novas oportunidades económicas a través das enerxías renovables, na procura dun modelo multifuncional do noso rural, ande caiban novas iniciativas de creación de riqueza e emprego.

8.- Garantir unha axeitada electrificación e unha axeitada chegada da banda ampla de internet a todo o territorio rural galego, en condicións de igualdade coa calidade de acceso no medio urbano, para poder facilitar a chegada da Sociedade da Información e aposta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.

9.- Apostar polos servizos no rural galego, mantendo os puntos de atención sanitaria e asistencial. Buscar solucións para evitar o peche de escalas, coma desprazar rapaces das vilas aos lugares para completar o alumnado antes de pechar unha escala, garantindo o nivel de calidade na formación no ensino primario e secundario. Fomentando as axudas para natalidade e conciliación no medio rural.

10.- Poñer fin a sucesión de accións punitivas inxustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica, (catastrazo, inspeccións abusivas de Traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc)

É tempo pois da acción, da torna de medidas inmediatas que creen un punto de inflexión a partir do cal empezar a gañar o futuro do rural. Porque non é certo que no rural non haxa nada



que facer, senón ao contrario, no noso rural está todo por acerse para gañar o futuro.”

A concelleira do Grupo de Cidadáns dona Marta María Saíz indica que non ten nada que engadir.

D. José María García Suárez, do Grupo Popular explica que tamén hai unha Comisión no Parlamento de Galicia que trata sobre estes temas; que tamén hai mesas sectoriais que traballan neste asunto, ademáis de axudas recentes que se deron, polo que opina que a Comisión exite, que lles parece ben a moción, pero que lles parece unha moción de prensa.

Dona Aurora Gonzalez Ginzo, do Grupo Socialista, manifesta que lle fai gracia e que parece que todas as mocións que presenta o seu Grupo o PP as está xa a solucionar; indica, irónicamente, que este problema é de fai moitos anos e que agora que traen eles a moción ao pleno tamén se lle ocorre ao PP solucionar o problema.

O Sr. Alcalde indica que tamén lle sorprende; opina que o crear comisións é una frivolidade. Manifesta que non ten ningún problema en aprobar a moción.

A Corporación, por doce votos a favor dos membros dos Grupos BNG, PSOE e C's e catro abstencións dos membros do Grupo do PP, acorda prestar aprobación á presente Moción.

## **ROGOS E PREGUNTAS**

### **DO GRUPO MUNICIPAL DE CIUDADÁNS-GRUPO MIXTO:**

A Concelleira dona Marta Maria Saiz García manifesta que non ten preguntas.

### **DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:**

Intervén en primeiro lugar a concelleira do Grupo Socialista dona Aurora González Ginzo que se disculpa porque trae as preguntas e os rogos mezclados.

Comeza cunha petición do colectivo Por Nuestro Faro, pedíndolle que lle responda ás preguntas que lle fixeron e das cales din que non obtiveron resposta; explica que na web do Hotel de Illa Pancha se indica que está aberto dende o 12 de setembro e que non teñen constancia de como están os trámites administrativos.

Pídelle que lle responda ás seguintes cuestións: se as obras relaizadas se fixeron e logo se supervisaron polos servizos técnicos do Concello e se as informaron favorablemente, se foi autorizado o acceso libre á illa formalmente, se concederon licencia de apertura e levantaron o precinto, se no caso de que non teña licencia de apertura é coñecedor da situación e que medidas vai tomar en relación co informe do Defensor del Pueblo

O Sr. Alcalde explica que ao colectivo lle van a contestar e que non evitan ninguha pregunta. Explica que os técnicos están a avaliar o que se lle requiriu ao concesionario da instalación, que non está rematada a súa función. Indica que están a actuar en execución das súas competencias, non na das outras administracións. Manifesta que os expedientes son públicos e que poden ir consultalos e que él, os seus compañeiros e os técnicos municipais intentan cumprir coa lei, nese tema e en todos.

Di que non actúa según lle guste ou non o tema, que os trata todos por igual, seguindo a legalidade, tendo coidado co que fan e atendendo aos informes dos técnicos municipais. Indica que dentro de pouco se poderá ver en documentos.

A Sra. Gonzalez Ginzo di que ela fixo preguntas moi concretas e que non estaba a insinuar que actuasen fora da legalidade.

O Sr. Alcalde contéstalle que están en rogos e preguntas, que ela fai a pregunta e o Sr. Alcalde escolle o seu xeito de contestar. Di que ela fixo a pregunta como quixo, dándolle voz a unha reivindicación que non é súa, e que el lle contesta da súa maneira e con toda a boa fe.

Dona Aurora González pregunta se se lle concedeu a licencia de apertura.

O Sr. Alcalde di que se remite ao que acaba de indicar.

Dona Aurora González roga que nas Aceas, no camiño que cruza a ría, se arranxen os estragos feitos pola auga e que se repoñan algunhas lousas. Indica que as portas tamén están estragadas.

O Sr. Alcalde di que teñen que avisar ao Servizo de Costas

A Sra. González Ginzo, referente á orde do día, di que cando na comisión faloron de modificar a ordenanza e a taxa fiscal se falou de que ao mesmo tempo habería que derrogar unha ordenanza na que se recollía a bonificación, que o fan a someter a urxencia.

O Sr. Interventor di que se vai levar ao próximo Pleno.

Dona Aurora González di que donde está o Almacén do Concello hai un montón de contenedores e unha pantalla dun ordenador amontoados; indica que abundan as ratas e pregunta se se pode facer algo para mellorar a zona.

O Sr. Alcalde di que nesa zona é donde se traballa cos contenedores que están mal, que nesas zonas hai movemento e que contan con mobiliario do lixo, polo que non sempre están en condicións, pero que intentarán melloralo.

Dona Aurora González dille que se lle esixen aos veciños que teñan as fincas en condicións o Concello non de dar esa imaxe.

Referente á traída da auga, manifesta que dende o Pleno se debería elevar á Xunta de Galicia a situación actual, xa que hoxe a Xunta está pensando en restrinxir o uso da auga pola sequía; opina que sería importante que o soupesen, xa non polos problemas de salubridade que está a causar, se non polo desperdicio de auga que se produce.

O Sr. Alcalde dille que non ten problema en que se tramite dende o Pleno e que a Xunta de Galicia é coñecedora do problema dende hai anos, que lle comunicaron por escrito todos os problemas; di que incluso chegaron a facer un proxecto na Xunta, o cal non se levou a cabo, e que tamén fixeron unha separata que tampouco se levou a caba. Explica que cando foron os problemas de Lexoso a Xunta se comprometeu a actuar, pero que un día fixeron unha visualización pero que aínda non actuaron. Opina que a inactuación da Xunta se debe a que en Ribadeo non goberna o PP.

#### **DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR:**

Intervén o Concelleiro do Grupo Popular D. José María García Suárez e pregunta por que non se saca máis a miúdo a hidrolimpadora, xa que hai estradas moi cochás, manchadas de excrementos de pombas.

D. Jorge Díaz Freije, concelleiro delegado de recolida de residuos e limpeza resposta que non se usa polo tema da seca; explica que na Avenida de Galicia e noutras zonas nas que hai moito estornino si se fai, pero que o farán máis a miúdo cando se solucione o tema da seca.

Dona María Rosina Tosar López, concelleira do Grupo Popular manifesta que despois de que eles denunciásen o estado do ascensor panorámico, o Sr. Alcalde fixo unas declaracións decindo que o ascensor se limpa habitualmente e que hai xente de mala fe que o estropea, que non lle extraña que podía ser mandada por algúns dos que despois critican.

Opina que esa mensaxe vai dirixida ao seu grupo e di que só lle faltou dicir que lles pagaban. Pídelle que rectifique esas palabras.

Indica que no pobo e nos de arredor alucinaron e dille que un bon político xamais pode facer o ridículo, e que con esas palabras non fai nada ao seu favor. Ademáis dille que ela pensa que nunha se limpa o ascensor, que ela subeu este verán cunha parella e que lle preguntaron se alí ían mexar os cans porque cheiraba moi mal.

Di que eles denuncian o estado do ascensor e que o Sr. Alcalde insinua que eles fan actos vandálicos, por iso lle roga que rectifique as súas palabras.

O Sr. Alcalde manifesta que non pretende nada máis noutros concellos, que non ten pretensións noutras zonas. Explica que él é responsable das súas verbas e que no artigo non se dirixe a eles.

Dona María Rosina Tosar dille que ela sabe ler entre liñas

O Sr. Alcalde contéstalle que non é ler entre liñas, que cando él pensa algo o di directamente.

Explica que hai xente que os quere e xente que non, que se miran as redes sociais ha xente que fala mal deles e bota merdallada pola boca, e que igual son esas persoas as que estragan o ascensor; opina que os que andan a criticar por ahí ao mellor son os que fan iso, pero que non se refería a eles. Di que non insultou a ninguén e que non ten que pedir desculpas.

Referente ao de que nunca se limpou, dille que está a mentir, que se quere lle pode preguntar á empresa de limpeza, xa que o limpa periódicamente. Explica que fai máis de dou anos si que era limpeza esporádica, pero que o cambiarone que na actualidade se limpa habitualmente. Explica que tamén veu fotos de defecacións humanas, e que iso non se debe ao uso, se non á mala fe. Reitera que non se refire ao PP, se non a algunha xente que critica nas redes sociais.

D.Jesús López Penabad di que o pavillón vello leva moito tempo cunha pintada en contra do seu partido e pide que se limpe esa pintada

O Sr. Alcalde dille que mañá mesmo darán as instrucións pertinentes.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e cincuenta minutos estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,  
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,  
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE**